f) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e a Unión Europea, segundo o establecido no anexo III a estas bases durante o período de mantemento do investimento. Para tal efecto, para as operacións cuxo custo total sexa superior a 10.000.000 euros, organizará unha actividade ou acto de comunicación, segundo conveña, e fará participar á Comisión Europea e á autoridade de xestión responsable no seu momento oportuno segundo as indicacións que se lle facilitarán.

g) Comprometerse a aplicar o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés); establecido no artigo 9.4 do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC), isto é, que as actuacións promovidas non causen prexuízos significativos nalgún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) nº 2020/852.

Así, no caso de proxectos que requiran a realización de obra civil, durante a execución do proxecto, deberanse cumprir as seguintes condicións específicas:

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

1º. Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Listaxe europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532EC) xerados na execución da obra prepararanse para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

2º. Para a execución da actuación non se utilizará amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da listaxe de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

h) Acreditar, cando corresponda, a realización da análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestrutura, desde a planificación inicial, de acordo co establecido no artigo 73.2.j) do Regulamento (UE) 2021/1060 de acordo coa «Guía de apoio para a implantación da proba climática de infraestruturas de Galicia» e as instrucións que desenvolva, para o efecto, a autoridade de xestión dos programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2021-2027.

i) Facilitar os datos do titular real dos perceptores do financiamento da Unión, no caso de que, requirida a dita información ás autoridades competentes, non poida disporse dela.

j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007.

k) No caso de non poder realizar o proxecto para o que se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de execución concedido para o proxecto.

l) Aceptar de maneira expresa a resolución de concesión, segundo o indicado no artigo 15.3 destas bases reguladoras.

m) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

Artigo 21. *Xustificación da actuación subvencionable*

1. Para a xustificación da actuación subvencionable que fundamenta a concesión da subvención e para a solicitude de cobramento, a entidade beneficiaria, dentro do prazo establecido na resolución de convocatoria, deberá cubrir previamente o formulario electrónico de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet https://spiga-sede.igape.es. Deberán cubrirse, necesariamente, todos os campos establecidos como obrigatorios. O devandito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

2. A entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación e solicitude de cobramento a través da aplicación informática https://spiga-sede.igape.es, tamén accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.gal

3. Unha vez xerada a solicitude de cobramento na aplicación informática, a entidade beneficiaria deberá presentala obrigatoriamente por vía electrónica.

4. No caso de que a solicitude de cobramento non se presente en prazo ou se a xustificación é incorrecta, requirirase á entidade beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados, no prazo de 10 días hábiles. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da devandita Lei 9/2007.

5. Xunto coa solicitude de cobramento, a entidade beneficiaria da axuda presentará documentación relacionada.

O Igape poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación presentada.

i) Documentación xustificativa do investimento:

1. Documentos acreditativos dos investimentos consistentes en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, segundo o establecido no artigo 28.3 da Lei 9/2007 e no artigo 48 do Decreto 11/2009. As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionalas co gasto xustificado.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. No caso de investimentos en aplicacións informáticas, deberán acreditarse as condicións establecidas no artigo 6.4 destas bases, mediante informe de auditor inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que verifique o cumprimento das condicións incluídas no citado punto.

3. Copia das tres ofertas que deba ter solicitado a persoa beneficiaria, no caso de non telas achegado xunto coa solicitude da axuda.

4. Nos casos de creación dun novo establecemento ou de inicio dunha nova actividade: acreditación de que o beneficiario dispón de todos os permisos e autorizacións necesarias para poder desenvolver a actividade, así como a comunicación previa do inicio da actividade ou da apertura do establecemento segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2013 e certificado de situación censual da AEAT que acredite a alta na actividade subvencionable, durante o prazo de execución do proxecto, do novo establecemento obxecto de subvención.

II) Documentación xustificativa do pagamento, conforme o pagamento ten sido realizado efectivamente dentro do prazo de execución, por algún dos seguintes medios:

1. Xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados a data de pagamento, o receptor e o emisor do pagamento e o importe da factura. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do provedor, nin os pagamentos por caixa ou en efectivo.

2. Informe de auditor de contas inscrito como exercente no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, que se deberá manifestar sobre o período de realización (facturación) e pagamento dos gastos alegados, así como sobre a existencia ou non de aboamentos ou devolucións posteriores que poidan supoñer unha redución no valor patrimonial dos bens alegados como subvencionables no expediente, e do cumprimento dos prazos legais de pagamento segundo a Lei 3/2004. Este informe será obrigatorio para proxectos con máis de 50 xustificantes de pagamento.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas, asinada polo representante legal.

No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ás accións subvencionadas, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante algún dos medios sinalados nos puntos anteriores para as facturas alegadas nas accións e, ademais, algún dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados,

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibo asinado polo provedor, para os efectos de identificar as facturas non referidas ás accións subvencionadas.

As facturas en moeda estranxeira deben presentarse con copia dos documentos bancarios de cargo en que conste o cambio empregado.

Para seren considerados subvencionables, os gastos deberán ter sido aboados dentro do prazo de execución do proxecto e nos prazos de pagamento previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

III) Informe acreditativo do cumprimento da normativa ambiental exixible, en particular a normativa reguladora da Rede Natura 2000 e demais espazos naturais protexidos e a Lei 21/2013 de avaliación ambiental e o Real decreto lexislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, no caso de que resulte de aplicación polas características ou localización do proxecto. Así mesmo, por petición do Igape presentarase documentación xustificativa que acredite o cumprimento das declaracións recollidas no anexo V desta convocatoria referente aos condicionantes ambientais para cada tipoloxía de actuación ou proxecto.

A entidade beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa obrigatoriamente por vía electrónica.

A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega das copias dixitalizadas implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. En todos os casos, as persoas beneficiarias deberán estar ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a entidade beneficiaria se opoña á consulta destas circunstancias ou non preste o seu consentimento expreso, deberá achegar as certificacións de situación xunto co resto da documentación xustificativa.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

7. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de resolución de perda do dereito ao cobramento da axuda que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, total ou parcial, das cantidades previamente aboadas.

8. O Igape poderá aceptar variacións nos diversos conceptos de investimento aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20 % de cada concepto e que, no seu conxunto, non varíe o importe total de investimento aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

Artigo 22. *Aboamento das axudas*

O aboamento da axuda realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización e o pagamento do proxecto de investimento e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

Os órganos competentes do Igape poderán solicitar as aclaracións, ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que a entidade beneficiaria os presentase, o Igape ditará a resolución de perda de dereito ao cobramento da axuda.

O réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007 e no título IV do seu regulamento.

As persoas beneficiarias disporán dun anticipo automático do 40 % do importe da subvención concedida, co límite da anualidade prevista no exercicio orzamentario 2026, no momento da resolución de concesión de axuda. A data límite de xustificación do anticipo coincide coa data límite de execución de gastos no 2026 establecida na resolución de convocatoria.

Exímense as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías, logo da súa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009. A resolución de concesión da axuda, comportará tamén a concesión do anticipo.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

Artigo 23. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, de liquidación, total ou parcial da subvención, no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, ou na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento ou liquidación da subvención e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento ou liquidación da axuda concedida e o reintegro do anticipo recibido, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Non xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.

c) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, ou en xeral, as verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) 2021/1060 (RDC) para realizar polo organismo intermedio, a autoridade de xestión, e, de ser o caso, os órganos de control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control como a Oficina de Loita Contra a Fraude ou a Fiscalía Europea, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco (5) anos a partir do 31 de decembro do ano en que se efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria, de acordo co artigo 82 do Regulamento (UE) 2021/1060.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

d) Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Incumprir a obriga de achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de axuda pública de, polo menos, un 25 % dos custos subvencionables, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

f) Cando, como consecuencia do incumprimento, o investimento subvencionable quede por debaixo do mínimo establecido en 10.000.000 €.

g) A percepción doutras subvencións públicas, incompatibles coa totalidade da subvención prevista nestas bases, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, do 100 % da subvención concedida.

h) Non darlle publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no anexo III destas bases.

i) Non comunicar ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

j) O incumprimento da normativa en materia de prazos de pagamento a provedores nos pagamentos do investimento subvencionado suporá a consideración de ese/s elemento/s como inadecuadamente xustificado/s, e dará lugar ao axuste proporcional da subvención correspondente ao proxecto, agás o disposto no punto 4 seguinte deste mesmo artigo.

k) Non ter iniciado o proxecto no período de 12 meses contados desde a data de resolución de concesión da axuda.

l) Non dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso.

4. Perda parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. En particular, unha execución por baixo do 50 % da base subvencionable aprobada considerarase un incumprimento total.

b) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transacciónS relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados co FTX, suporá a perda ou, se é o caso, o reintegro, dun 2 % da subvención concedida.

5. No período de mantemento dos investimentos e do emprego, procederá a incoación dun procedemento de reintegro nos supostos e co alcance que se indica a seguir:

a) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período establecido suporá o reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

b) No que se refire ao mantemento do emprego no período posterior á data de execución do proxecto, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente atendendo á media de emprego non mantido durante o período.

c) Non manter a publicidade ao financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 20.1.f) destas bases, durante o período de mantemento posterior á execución suporá o reintegro dun máximo do 3 % da subvención concedida.

6. Devolución voluntaria da subvención.

De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta ES83 2080 0388 2731 1000 0584 en concepto de devolución voluntaria da subvención.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 24. *Xustificación de creación de emprego e outras condicións baremadas para a execución*

O prazo máximo para presentar a xustificación de creación de emprego, e no seu caso doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión da subvención, finalizará na data que se indique na resolución da convocatoria para cada unha das persoas beneficiarias.

Para ese efecto, deberase presentar a seguinte documentación:

a) Informe de vida laboral á data do cumprimento.

b) Memoria detallada, conciliada coa vida laboral, indicativa do emprego creado especificando cantos corresponden a persoas maiores de 45 anos, a mozos de entre 18 e 30 anos, a mulleres, a persoas con discapacidade e cantos se cubrisen con bolsas de emprego do ITX.

c) Memoria dos plans de formación realizados, se é o caso.

A solicitude de xustificación de creación de emprego e, de ser o caso, doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión, deberá presentarse segundo o modelo do anexo VI.

Desde a acreditación da creación de emprego e, de ser o caso, doutras condicións de execución do proxecto baremadas na concesión, consideraranse cumpridas as condicións da subvención.

A acreditación da creación neta dun número de traballadores menor ao comprometido ou a falta de cumprimento das características puntuables deste conforme o artigo 9 poderá xerar tamén dereito a non reintegrar a axuda, sempre que a puntuación obtida co emprego finalmente creado e outros criterios acreditados, non supoña a exclusión da operación en concorrencia competitiva.

Ademais do anterior, a entidade beneficiaria deberá estar ao día nas obrigas de pagamento coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria, e a Comunidade Autónoma de Galicia.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

Artigo 25. *Réxime sancionador*

Ás persoas beneficiarias das operacións de subvención reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007.

Artigo 26. *Fiscalización e control*

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, as auditorías do organismo de auditoría do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se produza a finalización de execución do proxecto.

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer estes feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-es/paginas/denan.aspx

Artigo 27. *Comprobación das operacións de subvención*

1. O Igape comprobará a adecuada xustificación da subvención, o mantemento do emprego comprometido, do investimento subvencionable, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da Administración

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Artigo 28. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquelas das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 29. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto en:

a) Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE L 187, do 26 de xuño).

b) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados (DOUE L 231, do 30 de xuño).

c) Regulamento (UE) 2021/1056 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo de Transición Xusta (DOUE L 231, do 30 de xuño).

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

d) A normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.

e) Mapa de España de axudas rexionais para o período 2022-2027, aprobado pola Comisión Europea o 17 de marzo de 2022.

f) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

g) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

h) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

i) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

j) Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

k) Orde HFP/1414/2023, do 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027.

l) No resto da normativa que resulte de aplicación.

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

**ANEXO I**

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DE PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| **AXUDAS A PROXECTOS DE DESCARBONIZACIÓN E RENOVACIÓN INDUSTRIAL DE INDUSTRIAS TRACTORAS NAS COMARCAS AFECTADAS POLO PECHE DE CENTRAIS TÉRMICAS, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA DE ESPAÑA 2021-2027. TERRITORIO P2 A CORUÑA** | **IG408N** | **SOLICITUDE** |

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| RAZÓN SOCIAL | | | | | NIF |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | PLANTA | PORTA |
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

| ACTIVIDADE |
|---|
| |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal.

| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

**SOLICITUDE PARA**

Axudas a proxectos de descarbonización e renovación industrial de industrias tractoras nas comarcas afectadas polo peche de centrais térmicas, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027. Territorio P2 A Coruña (seleccionar unha categoría):

☐ Categoría 2A) Proxecto rexional de investimento
☐ Categoría 2B) Proxecto para a protección do medio ambiente, incluídos a descarbonización.

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que as copias dixitalizadas presentadas no expediente constitúen unha reprodución exacta dos seus orixinais.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

**Documentación xeral e financeira:**

☐ En caso de novas actividades ou novos establecementos, compromiso de alta no IAE dentro do período de execución do proxecto.

☐ Memoria descritiva do investimento proxectado.

☐ No caso de entidades obrigadas a formular e aprobar contas anuais, contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado para o cal se cumpriu o prazo de aprobación legalmente establecido, ou de depósito, no caso de obrigación de depósito no Rexistro Mercantil, xunto con o informe de auditoría no caso de que a empresa estea obrigada a someter as súas contas a auditoría. Así mesmo, no caso de que a solicitante estea integrada nun grupo de sociedades que consolide contas, anexará as contas anuais consolidadas. Anexaranse , igualmente, as contas anuais de todas as entidades que deban ser tidas en conta para os efectos de determinar a consideración ou non de gran empresa da entidade solicitante, agás que estas estean integradas nas contas consolidadas que, se é o caso, fosen presentadas.

☐ No caso de investimentos de diversificación da produción en establecementos existentes con reutilización de activos, deberán anexar o inventario de inmobilizado que serviu de base para a formulación das contas anuais correspondentes ao último exercicio económico pechado, con indicación, para cada elemento do inventario, da data de adquisición ou incorporación, valor ou custo de adquisición, importe de a amortización acumulada á data do inventario e , se é o caso, doutras depreciacións por perda de valor, así como o valor neto contable á data do inventario.
Así mesmo, deberá anexar un informe dun experto independente colexiado que indique os activos do inventario que se pretende reutilizar, os cales deberán figuran identificados no inventario de inmobilizado.
No caso de investimentos de diversificación da produción en establecementos existentes sen reutilización de activos, deberán presentar unha declaración responsable nese sentido.

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

**ANEXO I**
**(continuación)**

| **DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)** |
|---|
| ☐ Declaración da categoría de empresa a que pertence, segundo o establecido no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude, con datos das contas anuais do último exercicio pechado na data da solicitude. |
| ☐ En relación coa declaración doutras axudas para o mesmo proxecto, cando teña axudas concedidas, deberá anexar copia das resolucións destas. |
| ☐ Para subvencións de importe superior a 30.000 euros, as entidades beneficiarias deben cumprir coa normativa en materia de prazos a provedores, o cal se acreditará polos seguintes medios de proba:<br>1º As persoas físicas e xurídicas que, de acordo coa normativa contable poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscribida pola persoa física ou, no caso de persoas xurídicas, polo órgano de administración ou equivalente, con poder de representación suficiente, en que afirmen alcanzar o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento previstos na citada Lei 3/2004, do 29 de decembro. Poderán tamén acreditar esta circunstancia por algún dos medios de proba previstos no punto 2º seguinte e con suxeición á súa regulación.<br>2º As persoas xurídicas que, de acordo coa normativa contable, non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante:<br>i. Certificación emitida por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que conteña unha transcrición desagregada da información en materia de pagamentos descrita na memoria das últimas contas anuais auditadas, cando delas se desprenda que se alcanza o nivel de cumprimento dos prazos de pagamento establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, determinado neste punto, en base a información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro. Esta certificación será válida ata que resulten auditadas as contas anuais do exercicio seguinte.<br>ii. No caso de que non sexa posible emitir o certificado a que se refire o número anterior, «Informe de Procedementos Acordados» elaborado por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que, con base na revisión dunha mostra representativa das facturas pendentes de pagamento a provedores da sociedade a unha data de referencia, conclúa sen a detección de excepcións ao cumprimento dos prazos de pagamento da Lei 3/2004, do 29 de decembro, ou no caso de que se detectasen, estas non impidan alcanzar o nivel de cumprimento requirido no apartado segundo da letra d) da disposición derradeira sexta da Lei 18/2022, do 28 de setembro , de creación e crecemento de empresas. |
| ☐ Memoria de empresa:<br>– Antecedentes da empresa e dos seus promotores: historial, principais fitos na evolución da empresa.<br>– Capacidades básicas: estratéxicas, capacitación da xerencia, organizativas e de control.<br>– Capacidade técnica da entidade: recursos humanos, técnicos, materiais, colaboracións, cooperacións, certificacións de calidade e ambientais.<br>– Capacidade tecnolóxica da entidade: recursos humanos, técnicos e económicos, patentes, I+D+i.<br>– Capacidade económica da entidade: análise dos estados financeiros, solvencia dos promotores, política de financiamento e rendibilidade. |
| ☐ Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, se é o caso. |
| **Documentación relativa aos investimentos:** |
| ☐ As tres ofertas que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, deba solicitar a entidade solicitante, de acordo co establecido no artigo 11.5 salvo as excepcións previstas nestas bases reguladoras. |
| ☐ Cadro de ofertas segundo o modelo que figura no formulario de solicitude. |
| ☐ No caso de Proxectos para a protección do ambiente, incluída a descarbonización: «Informe de procedementos acordados» emitido e asinado por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas ou entidade acreditada para a emisión do informe, que acredite que cada un dos investimentos proxectados contribúen á protección do ambiente e ou á descarbonización, indicando, de ser o caso, aqueles activos ou investimentos que non achegan contribución a estes fins. |
| ☐ Documentación acreditativa do rateo aforro emisións CO2 anuais que deberá basearse nos correspondentes certificados de eficiencia enerxética das instalacións. A documentación deberá poder permitir a comparativa da situación de emisións de $CO_2$ anuais previa á execución do proxecto e posterior á execución do proxecto. No caso de infraestruturas ou liñas de nova creación, deberá achegarse tamén a estimación de emisións de $CO_2$ anuais dunha instalación de referencia que corresponda á práctica comercial normal. |
| ☐ No caso de que proceda para acceder á puntuación correspondente: contrato PPA (*Power Purchase Agreement*) de abastecemento a longo prazo de enerxía renovable. |
| ☐ No caso de adquisición de terreos e/ou inmobles, informe de sociedade de taxación homologada. |
| ☐ No caso de construción sobre terreo propio ou rehabilitación de inmoble propio, escritura de titularidade da propiedade. |
| **Documentación relativa ao mantemento do emprego, creación de postos de traballo e restantes criterios baremables.** |
| ☐ Criterios de mantemento e creación de emprego.<br>☐ Compromiso de creación e mantemento de emprego: declaración pola que a persoa solicitante se compromete á creación de emprego con contrato de duración indefinida, especificando os postos de traballo que se van crear, e comprométese, así mesmo, ao mantemento do persoal con contrato indefinido preexistente no momento da solicitude e o creado durante un período de 3 anos desde o fin do prazo de execución do proxecto para o caso das pemes, e durante un período de 5 anos para o caso das empresas distintas das pemes. Dos postos de traballo que se van crear, deberá especificar cantos serán destinados a persoas maiores de 45 anos, cantos a mozos de entre 18 e 30 anos, cantos serán ocupados por mulleres, cantos estarán dirixidos a persoas con discapacidade e cantos se cubrirán con bolsas de emprego do ITX.<br>☐ Informe de vida laboral na data da solicitude ou permiso para acceder a este mesmo desde a Administración.<br>☐ No caso de creación de emprego para ocupar por persoas con discapacidade, deberán presentar unha declaración responsable das persoas con discapacidade que ten contratadas a empresa con carácter indefinido na data da solicitude. Computarase a equivalencia correspondente da xornada efectiva respecto á xornada completa. |
| ☐ Plans de formación: Declaración das actuacións previstas en materia de formación de traballadores e poboación local. Plan de formación para a poboación local e potenciais traballadores que se van contratar. |

VÁLIDO SÓ PARA EFECTOS INFORMATIVOS

CVE-DOG: 5pq51pl9-ugt7-btv1-ppm5-1foq7qbe7ay0

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

**ANEXO I**
**(continuación)**

| **DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)** | | | |
|---|---|---|---|
| | **ÓRGANO** | **COD.PROC.** | **ANO** |
| **Documentación xurídica da personalidade da entidade solicitante para sociedades ou entidades xa constituídas:**<br>☐ Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente rexistrados no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación con que se actúa, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil. No caso de agrupacións, referirase o representante ou apoderado único da agrupación.<br>No caso de sociedades rexistradas no Rexistro Mercantil, poderá solicitarse, motivadamente, algunha ou algunhas das escrituras referidas no parágrafo anterior cando a información obtida do Rexistro Mercantil non resulte suficiente para concluír sobre a personalidade da sociedade ou da súa representación. | | | |

| **COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.** | **OPÓÑOME Á CONSULTA** |
|---|---|
| DNI/NIE da persoa representante | o |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social | o |
| Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda e Administración Pública | o |
| Informes da vida laboral necesarios para a comprobación do mantemento e da creación do emprego | o |
| Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas | o |
| Consulta de concesións ampliado | o |
| Consulta de axudas do Estado | o |
| Consulta da documentación depositada no Rexistro Mercantil, de conformidade co establecido no artigo 12 punto 1.1) ii. a) das bases | o |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>**A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.** | **AUTORIZO A CONSULTA** |
| NIF da entidade solicitante | o Si o Non |
| NIF da entidade representante | o Si o Non |
| Imposto de actividades económicas (IAE) | o Si o Non |
| Consulta de información do imposto de actividades económicas ampliado | o Si o Non |
| Certificado de estar ao día nas obrigacións tributarias coa AEAT | o Si o Non |

| **INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS** | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) |
